14 O POBO VERMELLO

37

Hai moitos anos, cando os reis levaban grandes mantos ata os pés, nun fermoso val á beira dun río, vivía unha familia moi especial. Vivían moi felices os tres porque o que máis lles gustaba era ser como eran, de cores.

O pai era todo de cor verde, verde coma a herba e coma as leitugas.

Este home tiña dous fillos: un amarelo coma o sol, coma a chorima dos toxos, coma o ouro.... e unha nena azul, azul coma o ceo, coma a auga do mar. Era a familia Coriñas.

Un día pasou por alí un home que nunca os vira e foille contar ao rei que no seu reino había tres persoas que non eran coma todos. O rei enrabechouse, porque só el quería ser diferente e mandou que preparasen todo para ir ver a familia Coriñas.

Cando chegaron, facendo moito ruído, o rei preguntou:

—Ti por que es verde?

—Nacín así —dixo o pai—. Ao principio eu non quería ser verde, pero andando o tempo, acabou por me gustar.

—Pois non! Tedes que ser coma todos os súbditos, vermellos!

—Pero, nós nacemos todos así e non imos cambiar.

—Isto amáñoo eu —dixo o rei—. Gardas! Collede pintura vermella e pintade esta familia para que sexan coma todos!

Os gardas pintaron a familia de vermello coma os demais súbditos. Cando acabaron, o rei deu orde de marchar. Ao pouco, comezou a chover moito e a auga foi lavando a familia Coriñas. O pai quedou otra vez verde, a nena azul e o neno amarelo.

O rei coa molladura pillou un arrefriado moi grande, pero como el quería ser moito máis importante que os seus súbditos, o arrefriado fíxose moi, moi grande... e leva novecentos anos na cama con mormeira e pingando o moco polo nariz.

Comprendo a lectura

1 Responde.

Cando pasaron os feitos do conto?

Como se chamaba a familia da historia?

Por que se chamaría así?

Os demais súbditos eran de cor?

Como quixo o rei solucionar o problema?

2 Ordena as viñetas segundo sucederon os feitos.

3 Cres que esta historia é real ou imaxinaria? Por que?

Intelixencia visual: Interpretar as Imaxes

4 Debuxa as caras dos membros da familia Coriñas.

Aprendo palabras

1 Le e escribe unha oración con estas palabras.

A **chorima** é a flor do toxo.

A **mormeira** é un catarro moi forte.

2 Di que cousas son, no conto, desta cor.

Ceo

3 Le e completa.

Os pobos antigos tiñan outras construcións: dolmens, castros celtas, murallas romanas, castelos, etc. Hoxe, nós debemos coidar e conservar estas construcións.

dolmen

muralla